

Manuel Martínez Pérez, con D.N.I. 36025740-N, en calidade de secretario tribunal nomeado por resolución de alcaldía 2021-1752 de 21 de xullo de 2021, que valorará ás/os aspirantes a lista de reserva na categoría de Traballador/a social.

CERTIFICA:

Que, unha vez revisadas as alegacións contra as puntuacións do primeiro exercicio tipo test, presentadas polos/as aspirantes a dita lista de reserva, e segundo consta no informe do tribunal de data 07.09.2021, éste considera o seguinte:

1) Desestímase a alegación de anulación da pregunta n.º 2, polo seguinte motivo:

Xa foi anulada durante o proceso do examen e substituída pola reserva nº 1.

2) Desestímase a alegación de anulación da pregunta n.º 33 polo seguinte motivo:

A orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda a domicilio, no artigo 9 establece as causas e prazo: ***“Artigo 9.- Causas de suspensión temporal do servizo. Son causas de suspensión temporal do servizo, previa tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen: 1 Ausencia temporal do domicilio; neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia”***. Tal e como se contempla na resposta considerada válida polo tribunal. Este mandato vense aplicando aos usuarios da modalidade de libre concorrencia. ***2 Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse este servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención a dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora”***. En concordancia co expresado neste punto, a normativa en materia de dependencia indica: Orden de 19 de abril de 2013 pola que se modifica a Orden de 02 de xaneiro de 2012 do desenvolvemento do Decreto 15/2010 de 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema, para a autonomía e a atención a dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes (DOG 86 de 06.05.2013) .../...artigo 27, Suspensión temporal dos servizos de prevención das situacións de dependencia e da promoción da autonomía persoal, de teleasistencia, do servizo de axuda no fogar e do servizo de atención diurna e de noite queda redactado do



seguinte xeito: “*Os servizos de prevención das situacións de dependencia e de promoción da autonomía persoal, de teleasistencia, de axuda no fogar e e atención diurna e de noite, suspenderanse temporalmente durante o internamento da persoa beneficiaria nunha institución sanitaria, durante a súa estancia temporal nun centro de atención residencial ou no suposto de ausencia temporal do domicilio, nos que se poderá suspender por un período máximo de dous meses. No suposto de ausencia temporal do domicilio, a persoa en situación de dependencia deberá de acreditar as causas que motivan a súa ausencia. A estos efectos, tales circunstancias deberán ser obxecto de comunicación nos témos establecidos no artigo 5 da presente orde*”.

3) Desestímase a alegación de anulación da pregunta n.º 35 polo seguinte motivo:

O tema 40 do temario establecido nas bases de selección recolle: “*Discapacidade: conceptos básicos. Aspectos físicos, psíquicos sociais e legais...*”, polo que o contido da pregunta relativo ao recoñecemento do grado de discapacidade reviste un carácter básico e legal.

4) Desestímase a alegación de anulación da pregunta n.º 46 polo seguinte motivo:

Xa no momento do exámen, foi detectado o erro de duplicación da mesma coa n.º 2, informando as/os aspirantes e anulándose nese acto a n.º 2, sendo substituída pola pregunta de reserva n.º 1.

5) Desestímase a alegación de anulación da pregunta n.º 70 polo seguinte motivo:

Non existe o dereito de reunión non pacífica e con armas aínda que se pida autorización previa, polo que todas as reunións con autorización ou sen ela teñen que ser pacíficas e sin armas.

6) Estímase as seguintes alegacións:

Anulación da pregunta n.º 10, sendo substituída pola reserva n.º 2

Anulación da pregunta n.º 43, sendo substituída pola reserva n.º 3

En Ponteareas

Documento asinado electronicamente

